

Resolución do 8 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que, dando traslado ao ámbito da Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia da Orde JUS/504/2020, do 5 de xuño, se regula a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19.

O pasado 9 de maio o *Boletín Oficial del Estado* publicou a Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, pola que se aproba o Esquema de seguridade laboral e o Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, no marco do previsto no Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.

Na dita orde establécese un plan de desescalada en catro fases para a incorporación presencial do persoal, que van sendo concretadas sucesivamente polas correspondentes ordes ministeriais. Finalizadas as fases 1 e 2, no BOE do 6 de xuño de 2020 saíu publicada a Orde JUS/504/2020, do 5 de xuño, pola que se activa a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, cuxo obxectivo é a recuperación da actividade ordinaria, unha vez activados os prazos procesuais.

A mencionada orde establece a activación da fase 3, con efectos desde o 9 de xuño de 2020, e nela dispónse a incorporación do 100% dos efectivos que presten servizos nos distintos órganos xudiciais e fiscais e en servizos da Administración de xustiza. Así mesmo, prevé a posibilidade de establecer quendas de tarde cando non se poida garantir o mantemento das medidas de seguridade para o desempeño simultáneo das funcións propias dos postos de traballo por parte de todos os funcionarios que deban acudir ao mesmo centro de destino, nas condicións previstas no anexo III da citada Orde JUS/394/2020, do 8 de maio. No dito anexo III dispónse que o establecemento de quendas de tarde estará motivado exclusivamente pola necesidade de atender aos criterios das autoridades sanitarias necesarios para facer fronte á COVID-19, e que o establecemento destas quendas será determinado exclusivamente por cada unha das administracións competentes no seu ámbito de actuación.

En consecuencia, procede regular no ámbito da Comunidade de Galicia a fase 3 da desescalada, polo que, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,



RESOLVO:

1. Obxecto.

O obxecto da presente resolución é regular a fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19 no que se refire ao persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

2. Activación da fase 3.

A fase 3 do Plan de desescalada para a Administración de xustiza, de acordo co previsto na Orde JUS/504/2020, do 5 de xuño, actívase con efectos do día 9 de xuño de 2020.

3. Incorporación do persoal.

A activación da fase 3 supón a incorporación ao traballo do 100% dos efectivos que constitúen as dotacións de persoal dos distintos órganos e servizos da Administración de xustiza.

4. Xornada diaria de traballo.

Con carácter xeral, e sen prexuízo das especialidades correspondentes ao servizo de garda e rexistro civil, nesta fase 3 a xornada diaria de traballo comprenderá unha quenda de mañá de seis horas entre as 7:30 e as 15:00 horas. Esta quenda, en todo caso, requirirá a presenza efectiva do persoal no horario de atención ao público.

5. Establecemento de quendas de tarde.

O establecemento de quendas de tarde será determinado exclusivamente pola necesidade de atender aos criterios das autoridades sanitarias necesarios para facer fronte á COVID-19, de acordo co previsto no anexo III da Orde JUS/394/2020, do 8 de maio.

Neste sentido, nas revisións realizadas dos espazos de traballo en relación coas distancias de seguridade e o persoal que realiza a súa actividade nos mesmos, identificáronse varios órganos nos que resulta necesario habilitar a quenda de tarde nesta fase 3 para garantir as medidas de protección adecuadas. Sen prexuízo da posible habilitación de medidas que resolvan esta situación, e entremetres estas se fagan efectivas, nos órganos que figuran no anexo a esta resolución poderanse establecer quendas de mañá e tarde.



Así mesmo, de se detectaren con posterioridade á publicación desta resolución novos espazos de traballo que non reúnan as condicións de seguridade axeitadas, modificaríase o mencionado anexo para actuar conforme o indicado no parágrafo anterior.

En todo caso, a habilitación de medidas de seguridade, xunto coa modalidade do teletraballo na forma regulada pola presente resolución, poden facer variar o anexo antes aludido no sentido de que non se faga necesaria a continuidade das quendas de mañá e tarde, ou incluso o seu inicial establecemento, dado o menor número de funcionarios concorrentes de forma presencial no órgano, servizo xudicial ou fiscalía.

No caso de que nun centro de traballo se establezan quendas de mañá e tarde, e de acordo co disposto no anexo III da Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, o horario da quenda de mañá será de seis horas entre as 8:00 e as 14:00 horas, e o de tarde de catro horas e trinta minutos, entre as 15:00 e as 20:00 horas.

Na quenda de mañá acudirá o 70% do persoal, e o 30% restante na quenda de tarde.

6. Permisos por deber inescusable.

Sen prexuízo da suxeición de todo o persoal ás necesidades do servizo, así como da súa disposición, cando sexa requirido, para a prestación dos servizos públicos encomendados á Administración de xustiza, entenderase que todos os funcionarios que actualmente se encontren de permiso por deber inescusable poderán manter o dito permiso durante a vixencia da fase 3, extinguíndose os seus efectos o día 21 de xuño de 2020.

A solicitude inicial ou de renovación deste permiso realizarase a través da OPAX.

7. Traballadores de especial sensibilidade.

O persoal que teña recoñecido o permiso por patoloxías susceptibles de agravarse por efecto da exposición á COVID-19 non poderá ser chamado a prestar servizos de xeito presencial en tanto o Servizo de Prevención de Riscos Laborais non verifique a súa situación. Neste sentido, é imprescindible que o traballador presentara a correspondente solicitude de valoración da súa situación a través do correo electrónico prevencion.riscos.laborais@xunta.gal e que posteriormente facilitara os datos e documentación que, se for o caso, lle foran solicitados.



Mentres se produce a correspondente valoración da situación do traballador, este non poderá ser chamado a prestar servizos de forma presencial. Non obstante, estes funcionarios, sempre que existan medios materiais para facelo así, prestarán os seus servizos na modalidade de teletraballo, no mesmo horario habitual no que estiveran a desenvolver o horario presencial antes da declaración do estado de alarma.

A xornada diaria de traballo comprenderá unha franxa de seis horas entre as 7:30 e as 15:00 horas; nesta franxa de seis horas terá a obriga de encontrarse á disposición telefónica.

8. Realización de funcións mediante teletraballo.

Os funcionarios voluntariamente acollidos á modalidade de teletraballo poderán prestar servizos á distancia sen acudir de maneira presencial ao seu centro de destino, sempre que previamente mediara solicitude ou visado do responsable funcional de cada órgano ou unidade para cada caso concreto e se autorice o acceso correspondente.

Os responsables funcionais de cada un dos xulgados, fiscalías, servizos ou unidades poderán comprobar telematicamente a veracidade e efectividade dos servizos prestados na modalidade de teletraballo.

A xornada diaria de traballo comprenderá unha franxa de seis horas entre as 7:30 e as 15:00 horas; nesta franxa de seis horas terá a obriga de encontrarse á disposición telefónica.

Darase preferencia no acceso ao teletraballo aos funcionarios con especial sensibilidade fronte á exposición á COVID-19 e a aqueles que teñan permiso concedido por deber inescusable. Cando conclúa o permiso por deber inescusable, os funcionarios que teñan fillos menores de catorce anos ou persoas dependentes ao seu cargo seguirán mantendo esta preferencia.

En ningún caso poderán prestar simultaneamente os seus servizos en modalidade de teletraballo máis do 40% dos funcionarios de cada órgano ou unidade, nin máis do 40% dos funcionarios do corpo de auxilio xudicial de cada partido xudicial. De haber máis candidatos para a prestación do servizo na modalidade de teletraballo ca as porcentaxes expostas, ao se estableceren as quendas rotatorias terase en conta, en todo caso, a cobertura dos sinalamentos e do resto de actuacións presenciais ou telemáticas que se deban celebrar cada día.



Todos os funcionarios que presten servizos na modalidade de teletraballo, agás os funcionarios con especial sensibilidade fronte á exposición á COVID-19 e os que teñan permiso concedido por deber inescusable, deberán acudir de xeito presencial ao seu posto de traballo en xornada de mañá ao menos dous días á semana. Esta obriga poderá ser exceptuada, en todo ou en parte, polo superior funcional correspondente.

9. Vacacións e permisos.

Os restantes permisos e licenzas dos empregados públicos, entre os que expresamente se inclúen os días de vacacións, os asuntos particulares e mais os asuntos propios, manteñen intacta a súa efectividade e os criterios da súa devindicación.

10. Entrada en vigor.

A presente resolución entrará en vigor o 9 de xuño de 2020.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

